

Lendo e creando

1. Presentación.

2. Esquema de traballo: * lendo/ *creando.

3. Xustificación.

4. Animación á lectura. Léndolles.

¿Por que lemos novelas? *Somos insaciables consumidores de sensacións (Wolf). Á xente gústalle sentir sexa o que sexa. A anestesia afectiva danos pavor. A rutina aburre. A novidade asusta.*

*As obras artísticas intentan cambiar o noso estado emocional de modo controlado por iso é difícil manter unha lectura que non desperta algún tipo de **emoción**.*

*O interese, a intriga é esencial. A peculiaridade é que só usa a **palabra para provocar as emocións**.*

5. Animación á escritura: Robinson e a botella... necesidade de escribir os pensamentos e de comunicar..

* aproveitando as vivencias –positivas ou negativas... (algo que coñecen e do que saben falar→ o rap de Lucía do día que caeu en xuño.

* Opinións sobre películas “Quién ama...” 24/9/10. Diario deNoa 7/10/10

* Diarios das vacacións→ A libretiña de Mario.

* Creacións matemáticas→ recién explicados os polígonos, texto creativo “guerra de polígonos”

6. Diferenciación de textos e aproveitamento.

+ Polígonos →texto creativo,

+ Niños de paxaros →texto expositivo,

+ Clásicos →Espronceda a través M de Hoz...

+ Tratamento do vocabulario (naves, lugares-mapa).

+ Ditados reflexivos 22/4/10

1. PRESENTACIÓN.

A miúdo gústanos facer uso de citas de autores para dar un toque de distinción ó noso discurso. Eu son moi despistada e olvidadiza e se recordo a cita, non recordo o autor e ó revés. Pero o que acostuma a quedarme na cabeza é aquilo que me chegou adentro, que me emocionou dalgunha maneira e no sentido etimolóxico da palabra emocionar “moveo....motum”= mover, remexer... (*emotivo, comovedor*) e isto é sen lugar a dúbidas o que verdadeiramente funciona: aquilo que transmitimos e que causa EMOCIÓN. (Positiva ou negativa pero que non deixa indiferentes).

PESTALOZZI: *Ler e entender é algo. Ler e sentir é moito. Ler e pensar é canto se pode desexar.*

A lectura é un proceso íntimamente unido ao desenvolvemento afectivo, intelectual e social dos nenos que achega unha información indispensable para as experiencias vitais

Un mal paso para fomentar a lectura é, por exemplo, converter a biblioteca no lugar dos castigados. Será ó revés: os castigados non van á biblioteca. (Sei de moitos coles que teñen esta desgraciada práctica)

O verdadeiro sentido das actividades de animación á lectura aparece cando se posibilita o paso desde a lectura obrigatoria ata a lectura libre e gratuíta. (Case sempre len “por encargo”. E despois da lectura hai que rendir contas cun traballo).

É importante que desde os primeiros anos teñan a oportunidade de ter unha **relación emocional e afectiva co libro**. Esa relación inicial resultará boa se os primeiros libros que descubren son os contos.

Os contos populares (marabillosos ou de encantamento) contribúen en gran medida ó desenvolvemento da aprendizaxe infantil.

Posibilidades educativas que ofrecen os contos:

- Desenvolvemento da capacidade de ATENCIÓN.
- Adquisición da narración como un proceso e a COMPRENSIÓN das SECUENCIAS como un esquema narrativo.
- Estímulo do pensamento CREATIVO.
- Aprendizaxe de CAUSA e CONSECUENCIA.
- Transmisión de **relacións** sociais e **afectivas**.
- Inmersión na CULTURA POPULAR.
- Resolución de conflitos psicolóxicos que presenta o desenvolvemento afectivo.

A mensaxe dos contos populares: loitar conta as dificultades é inevitable, forma parte da nosa existencia.

Un sicólogo –nome impronunciabile- di que os contos maravillosos conseguen:

- Facilitar ó neno a superación de problemas e conflitos.
- Descargar agresividade (sobre personaxes) sen experimentar culpa.
- Desterra os medos (porque ve que os monstros só viven nos contos).
- Facilita a captación dos trazos dos personaxes, xa que son presentados con sobriedade e precisión.
- Intercala coñecementos (vida e natureza) en forma simbólica que son intuídos polos nenos.
- Presenta os problemas de forma absoluta, sen estados intermedios de intensidade. Existe o ben/mal, os valentes/covardes, felices/desgraciados...

Neste sentido di Bellelheim que é a maneira que ten un neno de poñer orden a súa vida:

“A maneira que ten un neno de poñer orden a súa visión do mundo, é separando todas as cousas por parellas de contrarios”.

Pode que a **narración** sexa unha **predisposición natural** da **especie humana**, xa que utilizaba a narración desde... e dáballes sentido á información que recibía e adquiriu o control sobre o mundo que o arrodeaba. Así naceron as tradicións orais e todo o imaxinario da literatura popular.

O curso pasado, durante a “Hora de ler” linlles **“Os piratas da illa da Esperanza”**. Tiñamos na clase á sobriña do autor, motivación máis que suficiente para que estivesen atentísimos buscando paralelismos entre os personaxes da novela e a realidade. Outro factor importante: coñecían cada pedra e cada un dos currunchos que se describen na novela. Chegamos ao capítulo 12 (páx. 79) no que os protagonistas se enteraban de que o seu amigo, que estaba enfermo de cancro, estaba cerca da morte. A descrición da sensación decía *“A min pareceume que o meu corpo de súpeto se convertía nunha caixa baleira, unha caixa de zapatos que non servía para nada, e tardei moitas horas en recuperarme...”*. Fixemos un alto para compartir comentarios sobre esa sensación (todos a sentiran algunha vez, provocada por medo, pesar, susto...)

Pois ben, este ano, o día do festival de Nadal, entra a profe de música en clase, finxindo estar moi enfadada..., (eu cómplice da broma-susto...). Aclarado todo, pasado o susto comentan ó marchar:

- *Profe, eu sentín “o da caixa baleira”, tiña un oco...*

(Houbó varios que confirmaron a mesma sensación...)

É fácil logo concluír que cando len algo que os fai SENTIR recordan as expresións e son quen de utilizalas.

2. XUSTIFICACIÓN.

Partimos de que está case todo inventado. Non imos descubrir case nada novo. Trátase de COMPARTIR experiencias que nos funcionan por se a outros lles poden ser de utilidade.

(Comentar a miña experiencia do ano 83 en Xaviña. Método de lectura. Con e sen interferencias. Pais susceptibles...Agradecemento ós compañeiros da Ponte).

Non existe O MÉTODO perfecto. Case todos teñen algo que nos gusta e outro tanto que nos disgusta. Colleremos un pouco de cada e prepararemos o “combinado” ó noso gusto que atenda as nosas necesidades. (Somos como “urracas” apañamos todo o que brilla e levámolo para a aula. Adoptamos a idea orixinal, enbelecémosla, modificámola e dámoslle

diferentes interpretacións. Así é como progresa a boa aprendizaxe, e como debe seguir facéndoo. Tamén mediante o intercambio de ideas e a boa práctica).

Hai moitísima documentación e bibliografía a toneladas que falan do tema. O malo é que a maior parte das veces, cando temos tanto onde mirar e tanto onde escoller, é cando máis perdidos nos atopamos.

Pois ben, xa que imos partir de ideas lóxicas, empezamos cun suposto:

- se queremos que un alumno **modele**, o primeiro que temos que facer é provelo de **barro**, de arxila, de pasta de modelar...

Se lla damos xa blandiña, facilitámoslle o traballo, e unha vez comentadas catro instrucións para inicialo, deixamos que sexa a súa imaxinación a que o guíe.

Normalmente, sorpréndenos o resultado: teñen ideas orixinais, ou personalizan e melloran a que lle demos...

Só nos falta insinuarlle un par de retoques, un par de detalles para que o acabado sexa *perfecto* para que quede “niquelao”. (A miúdo chega un punzón ou a punta dun lapis para acentuar un rasgo, unha mueca... e a escultura cobra vida).

- Se o que queremos é que compoñan unha imaxe completa partindo de elementos parciais, o que temos é que provelos de **puzles**, e canto máis practiquen, máis axilidade terán.

Podemos axudalos falándolles de estratexias do tipo
 “Que tal se agrupas as pezas por cores? Se te fixas no
 modelo... por aquí é todo azul...”

- O mesmo sucede se queremos que **escriban**. Temos que
 provelos de material. Temos que darlles **PALABRAS**. Moitas.
 Variadas. Bonitas. Chocantes. Curiosas... pero moreas de
 palabras. ¿Por que? Porque non as teñen. E as que teñen, a
 metade están rachadas, partidas, mutiladas, deformadas,
 apocopadas... (*poñer exemplo de tkmxo... e a miña*
versión krtm8).

Terán unha gran **despensa de palabras**, se desde
 pequeniños escoitaron contos antes de durmir, se llos
 leron máis tarde, se os leron acompañados, se cando
 pediron que llos repetiran, houbo alguén disposto a
 repetirlos...

A case todos os pequerrechos lles encanta escoitar o
 conto que lles gusta repetidas veces, e se lle variamos a
 versión, protestan. Gústalles escoitar o mesmo, saber o
 que vai vir. O tempo do gusto polas sorpresas e as
 novidades chegará máis tarde. (Anécdota do meu paso por infartil
 estando de garda. Conto dos *chícharos*, como encollían as pernas co medo e
 como pedían repetir cando volvín...¿masoquismo? Non. Emoción. Queren
 repetir o sentimento. Non queren anestesia nos sentidos. Xa que funcionou,
 repetín a experiencia. Hai alumnos en 3º da ESO que aínda se acordan).
 Esa **despensa** valeralles máis tarde, cando empecen a
 escribir, para preparar as súas historias. Terán xa os
ingredientes ben coñecidos. Saberán das súas
 posibilidades e sacaranlles o máximo partido.

Nos primeiros cursos de primaria é fundamental que empecen por frases sinxelas e para eles FAMILIARES. No segundo e terceiro ciclo deberían ter moi entrenado o estilo Azorín. (Con frecuencia sucede que nenos moi creativos empezan a escribir, pero líanse tanto, abusan tanto da subordinación que acostuman perder o fío e as súas creacións non se entenden ben ou resulta moi pesada a súa lectura).

Unha vez que dominan a estrutura, entón xa podemos pedirilles que pasen a “adornar”. Para que teñan onde escoller, podemos dispoñer a ventá dos nomes, a dos adxectivos, ou a caixa dos verbos...

(Xogos: Collendo palabras ó chou poden xogar ao xogo dos disparates... Tamén poden crear unha historia entre todos: cada un colle unha parella de nome/adxectivo. O que empeza inventa unha frase, unha situación que os outros deberán seguir coa parella de palabras que lles tocou a eles... así ata completar a historia).

Pero antes, durante e despois, o que non hai que esquecer, é que ese proceso, de principio a fin supón TRABALLO, DEDICACIÓN, ESFORZO non se consegue por arte de maxia, conséguese a base de ENTRENAMENTO e constancia. (Exemplo que lles poño sempre: eu e as olimpíadas).

É gratificante encontrar parágrafos como este: *Estou farto das ditosas musas, son a excusa permanente dos preguiceiros. Cando se trata de escribir ou de falar en público, o vago sempre argumenta que non lle chega a inspiración. Os máis orixinais parafrasean a Joan Manuel Serrat e dinche “ Es que las musas han pasao de mí... andarán de vacaciones” E quedan tan anchos.*

Hai quen pensa que o escritor, e o orador son algo así como dous raros produtos da inxeñería xenética, diferentes do resto dos mortais. Cando escriben ou cando pronuncian discursos, a xente pensa que o fan con facilidade, sen esforzo, sen preparación e con deleite, ou sexa, que é coller o ordenador ou abrir a boca e inmediatamente xa están fluíndo as palabras e con elas chorros de beleza e sabiduría. Non é verdade. ... o certo é que a escritores e a oradores lles costa esforzo facer ben o seu traballo. Estas son xustamente as palabras que lle poñen os pelos de punta ó vago: traballo e esforzo. Para fuxir delas refúxiase na excusa das musas, na inspiración que non chega, botando a culpa da súa desidia ós fados... Por iso estou farto das ditosas musas: porque son unha trampa que anestesia a creatividade. Non hai un só poeta, un só pintor, ...que non se pelexara coas palabras, cos pinceis... ata acadar a perfección. Esta nunca é obra da casualidade, senón do esforzo, da tenacidade e da CONSTANCIA. (páx. 29 de *Técnicas de comunicación oral* de A. Merayo)

E é xustamente aquí, onde todos tropezamos. E con nós tropezan os nosos alumnos. Cando conseguen facer algo medianamente ben cren que xa está. E tanto eles coma nós, xa damos o obxectivo por conseguido e... “*a otra cosa, mariposa*”.

Hai títulos de cabeceira cos que seguro comulgamos: “*Como unha novela*” e “*Mal de escuela*” de Penac. “*La magia de leer*”, “*La magia de escribir*” de J. A. de la Marina e “*Técnicas de comunicación oral*” de Arturo Merayo. (Poden sernos de gran axuda para defendernos da sensación de desorientación e soedade que nos *ataca* a veces).

1. LIÑAS XERAIS DA EXPOSICIÓN. Van en función dos obxectivos deste curso :

- adquisición de técnicas de escritura creativa,
- coñecer e diferenciar estilos literarios,
- e descubrir modos de estimulación.

Pero fundamentalmente do primeiro e do terceiro, porque a ninguén se lle escapa que o máis difícil para moitos docentes, é ser quen de captar a atención do alumnado e telo interesado nas súas propostas. Tarefa complicada porque temos que competir con tódolos *artiluxios* que manipulan que están pensados e deseñados para estimulalos e divertirlos co mínimo esforzo pola súa parte.

(Pensei nun primeiro momento dedicar unha sesión á lectura e outra á escritura, pero é probable que aborde as dúas cousas simultaneamente porque tamén é así como suceden na clase).

2. MOTIVACIÓN/ EMOCIÓN. Comparten étimo. Se estamos motivados, movidos por dentro, é practicamente imposible que non nos impliquemos na empresa. Dá igual a que sexa. Se quen pide, pide ben, acabas dándolle.

Todos acabamos “rendidos” ante aquel orador ou vendedor que nos que nos divirte. Nas aulas pasa o mesmo. O alumnado en gran parte das sesións convértese no noso auditorio. Se nós non estamos disfrutando co que facemos, nótase e transmítese. E desde logo, poucas cousas hai menos motivadoras que o eterno “*páxina vintecatro, exercicios cinco e seis*”... Que iso non quita que teñan que facer actividades, exercicios prácticos, por suposto que si. Pero hai moitas maneiras de facelos e outras tantas de corrixilos.

Utilizar a **empatía**. E facer que eles a vivan na súa pel. (Xogamos e eu son a alumna e un deles explica, e eu molesto... e saben o que amola). Pero están “conmovidós”, movidos en conxunto. E uns disfrutaban tendo un puntinho de crueldade ó ver que non o está pasando ben, e o que está na palestra comprende mellor a túa incomodidade cando es molestado.

Fanse exercicios motivadores creando monólogos en plan “el club de la comedia” ridiculizando situacións ó esaxeralas ata a caricatura. Por exemplo o caso de **os/as** e a singular **@...** Fágolles repetir o abecedario para ver onde se atopa letra tan... de “deseño”!

Pero algo que debemos ter presente é que no proceso comunicativo hai un trío inseparable “a **fala/a lectura/a escritura**”.

Hai veces que necesitamos escribir para desfogar, lémo-lo nós soliños... e xa quedamos medio liberados, cunha sensación de alivio... Ou necesitamos escribir algo agradable que nos pasou e relelo para acabar de crelo. Que outro papel cumplan os diarios? ¿Quen non escribiu un diario na súa adolescencia?

Outras, en cambio escribimos algo similar e necesitamos lerllo a un amigo, (pero lelo nós, porque sabemos que ninguén coma nós vai entonar *esa palabra* que escribimos con *segundas*, ou ese *nome propio* de alguén que temos que *pronunciar acompañado dun suspiro* que só a nós nos sae). Necesitamos que haxa un receptor vivo, que nos escoite, porque seguramente nos entenderá e corroborará as nosas sospeitas, confirmará os nosos sentimentos, será cómplice do noso segredo ou emocionárase coa nosa confianza.

EXERCICIOS EN PLAN “DEBERES”, POSTA EN COMÚN Ó DÍA SEGUINTE.

Para que prediquemos co exemplo, aquí habemos de facer algo similar, xa que nesas 3 horas non presenciais, ides levar de “deberes” a elaboración de pequenos discursiños que leremos / interpretaremos mañá.

- Imaxinade que sodes un deses personaxes das películas americanas. Estadades ó final dunha cea, rodeados da familia, o día no que os vosos pais celebran as vodas de ouro. Nos postres, tedes que pronunciar un breve brindis. O estilo é natural e por suposto familiar. Nada de longos discursos nin de palabras enrevesadas. Pero si hai que ser cariñoso, simpático e tenro. Hai que ser breve (un minuto máximo) non se trata de lucirse senón de CONMOVER.
- Imaxinade que inaugurades chalé con xardín e invitades a un lote de amigos. Eles están no xardín e despois dunha cea excelente, chega o momento de brindar. E nuns segundos hai que agradecer ós amigos a súa compañía nun día tan importante. Hai que contar o ilusionado que se está, o que se espera nesa nova casa/etapa... Podedes escribir o discurso, pero debedes ensaialo falándolle ó armario, á parede... imaxinando que son os vosos invitados... Todo, claro está, acompañado dos xestos que sexa menester.

Así seremos máis conscientes do que lles pode costar a eles e teremos un pouquiño máis de paciencia ou consideración xa que seguro que se a nós nos costa, máis lles costará a eles que teñen menos recursos e máis vergoña. Divertirémonos. E se nós temos esa capacidade, contaxiaremos ós alumnos. (Lerlles a páx. 19...21 de “Curso práctico de comunicación oral”)

NÓS = COMUNICADORES.

Azorín, un home que pasou a vida escribindo foi tan radical como para decir:

- “os libros non serven para nada en tanto que non se poden pronunciar discursos” Incluso “¿concíbese a un home que teña unha estatua sen que fose orador? ... Un home que non é quen de falar en público unha hora seguida, ¿Que dereito pode ter a ser inmortalizado nunha efíxie de bronce?”

Pódese vivir sen facer moitas cousas que facemos que non son esenciais, pero a conversación si é esencial, é radicalmente humana: non hai sociedade se non hai palabra.

(Xordeira ou cegueira? Pregunta de A. Merayo ós seus alumnos... todos escollen a primeira. Pero el di que é unha desgracia nacer xordo porque reducimos as posibilidades da linguaxe e con elas as do pleno desenvolvemento intelectual ¿¿¿???)

A profesora universitaria rusa Eugenia Ginzburg, na súa obra autobiográfica *El vértigo* conta como foi perseguida polo réxime de Stalin polos anos trinta e di que o máis inhumano non era a fame, a humidade, a penumbra ou a tortura. O PEOR era a INCOMUNICACIÓN. E os presos acababan establecendo un código de comunicación a través dos canalóns da prisión para saber quen estaba do outro lado e como se sentía.

“Robinson non quedou só na súa illa, quedou coa lingua materna e con toda a cultura que vai con ela. E solíño como está sente a necesidade de poñer por escrito os seus pensamentos. O náufrago pensa sempre na botella”.

(Amando de Miguel)

A botella que nos pon en contacto cos outros é a comunicación. E mentras non esteamos nunha illa deserta nin nun cárcere estalinista, a comunicación é basicamente palabra falada.

O certo é que só temos catro formas de mostrarnos ós demais. Somos apreciados e clasificados por catro cousas: polo que facemos, polo que parecemos, polo que decimos e por como o decimos. Nas dúas últimas a palabra é o elemento fundamental. Hai que pensar isto

con detemento, porque, como escribiu Cicerón, “**cada vez que falamos ou decimos algo, outras tantas veces se nos xulga**”.

No noso oficio é fundamental ser bo comunicador antes que “pozo de ciencia”. (Saber moito e non ser quen de facelo chegar ós alumnos, non serve de moito).

Interésanos que o alumnado saiba comunicar. Desde pequeniño. (Nota no frigorífico).

Na disciplina de matemáticas a lingua é primordial.

Cando hai algún que non dá aprendido a táboa de multiplicar e ten serias dificultades para operar... acabas por deixarlle utilizar a calculadora para todo, porque o que realmente interesa é que entenda o problema, que sexa quen de aillar os datos e utilízalos para encontrar a solución, que a fin de contas, se LE E ENTENDE xa ve no enunciado as pistas para atopala.

De feito, a maior parte dos alumnos que teñen dificultades en matemáticas é porque non teñen habilidade lectora. Len unha e outra vez o problema pero non saben o que teñen que facer, porque non son conscientes de onde se atopa a información que lles axuda a andar o camiño cara a solución.

Un exercicio moi bo para traballar isto, é poñerlles problemas con datos de máis. Con datos innecesarios. Facerlles discriminar os que valen dos que non. En definitiva QUE APRENDAN A PENSAR.

3. CONTRASTE METODOLOXÍA .

O equilibrio é a clave do cóctel: coller o mellor da tradicional/antiga e o mellor da moderna.

Non todo o que se facía antes está mal ou hai que desbotalo: esixir caligrafía, boa distribución do espazo, organización no traballo... libretas de *exposición* pero tamén cadernos de campo. Radiografía do traballo diario.

Aproveitar a fonte inagotable de recursos que supón a rede, pero que navegar por internet non supoña anular ou esquecer a búsqueda nun dicionario enciclopédico ou nunha enciclopedia temática. E desde logo, ser coherentes: non podemos estar movéndonos pola rede e utilizando dous dedos para o teclado.

Sacudirnos a dependencia do libro do texto, da programación ríxida e do “temario” imposto se é que estes elementos nos impiden facer cousas que xorden de repente e que despertan o seu interese.

Un elemento común en ambas: **coñecer ben ós nosos alumnos** para saber adxudicar a cada un a tarefa na que mellor se desenvolva. Antes de que se sintan frustrados por verse incapaces de facer algo, darémoslles a oportunidade de demostrar que son bos en algo. Observarán que non coinciden, que cada un é bo nunha cousa diferente... verán a ocasión de complementarse... Unha vez que teñen a autoestima equilibrada, admiten as correccións como axuda para mellorar, non as interpretan como xuízos negativos e descalificacións para eles.

METODOLOXÍA=FERRAMENTA

- a) Ditados infravalorados. Nova formulación, que non sexan baleiros de significado. Implicación persoal, aproveitar a curiosidade morbosa (¿a quen lle importa un ditado muermo→ desconexión).
- b) As novas tecnoloxías: ferramenta. (Non abuso). (Saber apretar botón ou aporrear teclas non impide ser un analfabeto funcional).
- c) Cambiar método de corrección. Non automático, si búsqueda.

- d) Interdisciplinar e repaso ¿Por que non ditar un resume? (Coñecemento, Ed. Para a Cidadanía).
- e) Implicación familias ditados-comunicados (asinan para darse por enterados).
- f) Aumento interese por supervisión familiar obrigatoria.
- g) Fomento da autocrítica.
- h) Recoñecemento das limitacións propias e valoración das aportacións alleas.
- i) Aproveitar a música (letras de grupos que lles gusten *Estopa, Fito, Melendi...* Traballar coas letras: vocabulario, figuras literarias, métrica, unha vez que lle collen o gusto, pódese poñer un soneto clásico, apreciarano doutra maneira).
- j) Valoración do traballo ben feito. SEGUIMIENTO!

4. RELATORIO DE ACTIVIDADES QUE FUNCIONAN.

Temos que darlles sempre un punto de partida. (É o conto do barro. Se lles damos a materia, eles crean, deseñan...) Dalles menos pereza. Anímaos porque saben por onde empezar e dalles pé a crear eles despois. Dalles confianza. Saben que na comparación non van saír mal parados porque vai ser parecido ó dos demais. Aprenden que poden utilizar o que coñecen como inspiración. En canto o transforman... xa o senten seu.

- Lecturas seleccionadas. Interrumpidas e que rematen o capítulo. (*Un cocodrilo debajo de la cama*). (Lerlles exemplos feitos polo meu alumnado).
- Comprobación –despois da corrección- de quen se aproximou máis á realidade da novela.

- Lecturas rematadas e que cambien o final, buscadas con intención porque soen ter finais tristes ... (*Palabras de caramelo, Sudako e as mil grúas de papel...*).
- Transformación dun capítulo *Prohibido casar papá*.
- Obradoiros de poesía. Crear acrósticos (o de *Caramelo* de Lola (celebracións varias...)) caligramas... Escoller “cestos” de palabras rimadas, facer frases con elas ó final... En canto atopan a musicalidade, xa arrincan.
- Lecturas de poemas ben diferentes para que aprecien as diferentes rimas.
- Lectura de diferentes xornais. Comparación titulares. Análise do tratamento. Cambio de palabras clave. Sinónimos e antónimos. Transformación das noticias.
- Lectura de imaxes. (Adiviñar o texto á vista da fotografía)
- Creación da noticia a partir do pé de foto.
- Lectura de prospectos de menciñas con entonacións diferentes (culebrón, retransmisión deportiva, misa cantada, lotería, *aseregá...*)
- Creación de textos onomatopéllicos. (Amosar exemplo).
- Inventar palabras a partir de prefixos e sufixos existentes.
- Ser reporteiros da súa parroquia.
- Lecturas de descrições e conversión en caricaturas.
- Linguaxe publicitaria. Xogar coas palabras. Crear anuncios. Aprender valor da información. Connotación /denotación. (Facer referencia ós recursos da rede en Abalar).
- Recortes de fotografías de xornais ou revistas para conversión en viñetas. (Evita a frustración dos que non debuxan ben).
- Corrección e posta en común (cada un espera con ansia que sexa escoitada a súa)
- Non xulgamos os exercicios creativos. (Arte contemporáneo ¿? Se alguén paga polo cadro... pareceralle bo..)

- Executar ordes do encerado. (Ollos pechados. Lectura silenciosa. Execución)→ Comprensión lectora, memorización, axilidade...
- Obradoiros de escritura (o método das tarxetas).
- Proxestión de películas. (Avance previo. Xa lles anticipamos –co noso filtro- co que se van atopar, xa os condicionamos para que se fixen nos aspectos que nos interesan. Lonxe de desanimalos, fan que estean ávidos agardando esa escena. Unha vez que a ven, poñemos no encerado un amplo glosario. Pode ir clasificado ou non pero si terán coñecemento dos conceptos que se van traballar. Con ese material, póñense mans á obra:
 - elaboración do resume,
 - da crónica,
 - da crítica,
 - comentario...A veces escollen eles, outras pídeselles o formato concreto.

As películas que traballamos este curso: *El diario de Noa*, *Billy Elliot*, *Los chicos del coro*, *Braveheart*, *Quién ama a G.Grape*, *Enemigo mío*, *Furia de titanes*, *Matrimonio de conveniencia*... Aproveitámolas para Educación para a Cidadanía (marxinación pola obesidade, polas minusvalías físicas, pola tendencia sexual, por ser inmigrante... Os conflitos laborais, as folgas, os sindicatos, o sacrificio, o valor da vocación, a loita por un soño, o esforzo...), para lingua, matemáticas, coñecemento do medio.

 - E para os pequenos capítulos de *Poco Yo: La gran carrera*, *Las galletas de Ely*, *El monstruo*, *Regalos...* Tamén hai moitos recursos na páxina www.orellapendella.org e na páxina de Norberto, e en <http://nutrasur-mirinconcito.blogspot.com>, crainsba.educa.aragoon.es/infantil.htm (amplía páx. Con moitos enderezos)
- Lecturas e conversión en banda deseñada.
- Transformación das bandas deseñadas en textos dialogados. (Conséguese que o fagan de mellor gana porque xa teñen un punto de partida).
- Crear textos teatrais para ser lidos, representados, para sombras chinesas...

5. VALORACIÓN DOS RESULTADOS CON ALUMNADO DE “ACI”. Abuso? Mostrar exemplos.

6. VALORACIÓN : COMODIDADE E INCONVENIENTES DOS LIBROS DE TEXTO.

Se algo estragou hai uns anos o nivel de calidade da escritura do alumnado foi sen lugar a dúbidas o ABUSO das fichas que mandaban subliñar, rodear, unir con frechas, riscar ou tachar... Iso mutilou (literalmente) a capacidade creadora dos nosos críos.

Convertíronse practicamente en cubridores de quinielas.
¿Para que ían molestarse? *“Malo será”* que facendo *pito pito gorgorito.. non atine*.

Está comprobado que nunha actividade do tipo “une con frechas as palabras da columna da esquerda cos seus sinónimos... ou antónimos”, de seis, poden acertar tres sen ter nin idea. E que acerten a metade non significa que controlen ese vocabulario, porque na maior parte dos casos, se lles mandas construír un texto con esas mesmas palabras, non saben porque non as coñecen.

Foi a época do “bum” das fichas. Eran atractivas. Fáceis de corrixir, tiñan á clase entretida e non daban “a murga”. Porque para eso foron utilizadas por un número demasiado grande de compañeiros. Foi o abuso dese método unha das causas que mermou a súa capacidade de escribir. (Como era un método cómodo, as editoriais fixéronse eco das querencias dos mestres, e algunhas, encheron os seus libros de texto ou os caderniños con este tipo de actividades. Para min, non satisfacían a ninguén: ós vagos, tanto lles tiña, porque se limitaban a unir ó chou, a suliñar sen pensar e a rodear o que lles petaba. Ós traballadores, ó resultarlles doadas en exceso, non os motivaba e para os mestres... podía ser unha tregua que suavizaba a xornada).

Fai uns anos, nunhas xornadas en Santiago, tiven a sorte de escoitar a José Antonio Marina. Daba gloria oílo. Empecei a tomar notas a lapis nun folio, sen deixar de miralo. Caín na conta de que por máis notas que tomara... era mellor escoitalo. Atopei o folio, e vouno pasar a limpo para vós. Pode que haxa cousas que non se entendan moi ben fóra de contexto, pero é outra proba doutro momento emocional que me apetece compartir.

José Antonio Marina:

Un *lexema, morfema...* non emociona a ninguén. O tema sobre as bondades da lectura dase a convencidos. Cando facemos o discurso do *placer* é cerrado. O rapaz xa dirá que ten outros placeres.

A Intelixencia humana é lingüística. Pensamos con palabras. Había un cartel da República “ler é arma para loitar contra o fascismo”.

A convivencia é lingüística. Vivimos entre palabras. (En América os conselleiros matrimoniais din que o 80% das parellas que asisten á consulta quéixanse: “*no hablamos*” “*no nos entendemos*”. Parece que os rapaces durante a época de ligue son máis locuaces. En cambio as rapazas durante esa época teñen máis capacidade de escoita. (Por iso ía todo ben e co paso do tempo invírtense os termos, por iso empeora o asunto). Valor da lingüística “cada día paréceste máis á túa nai” → ¿piropo ou insulto?

Plan de lectura en Cartagena → “La botica de los libros” polo seu dobre valor: menciña para enfermidades. Libro para problemas.

¿Fomentar a través dos clásicos? ¿De que vamos? Eles móvense noutro rexistro (fala de secundaria). Os clásicos son maravillosos pero hai queter sensibilidade, coñecementos...

O sistema educativo non fomenta, DISUADE da lectura. O discurso do placer non vale.

A intelixencia ten un momento receptivo: asimila, e un momento activo: expresa, hai que saber falar e escribir de..

Prolongar efecto da lectura sendo ELOCUENTE → proxectar o efecto da lectura. (Fomentar escritura para a lectura. Momento ideal para os diarios, a adolecencia, onde hai unha reserva cara os pais e unha apertura cara os amigos... Proliferación dos blogs, que son equivalentes a diarios.. hai algún bo e moitos estúpidos.

O proxecto curricular. A competencia lingüística --> conxunto de habilidades, coñecementos... necesarios para atender a demandas complexas. PENSAR → comp.

Lgtca.. ensinar a pensar vai ser parte da área de lingua. Saber expresar pensamentos e emocións, isto non ven da área de lingua, ven de sicoloxía. Isto é derivado da carencia expresiva. Agora na escola hai que suplir á familia para que expresen sentimentos, emocións. Nenos que na escola non ten capacidade de facer amigos, teno moi crudo→agresividade< deficiencia na área da linguaxe. Moitos transtornos de conducta teñen relación coa linguaxe. Enseñemos ó neno a falarSE doutra maneira.

En Alemania a área de linguaxe abrangue lingua, matemáticas e música (as tres linguaxes). Dentro de linguaxe hai que ensinar a xerar ideas. A organizar o que saben. A materia de LINGUA é a verdadeira TRANSVERSAL.

Ten que haber outra maneira, outra institución dentro da área de lingua para ocuparse do fomento da lectura, de proporcionar información ós outros departamentos. En Castela a Mancha hai unha hora obligatoria de lectura. Unha persoa que sabe moito pero que non se expresa... embarulla.. intúes o que sabe “yo lo que quería decir” pero “has dicho lo otros” aprender a expresar.

Non vale de nada ter moitos libros se non se sabe que facer con elesHai que formar xente para as bibliotecas escolares. A través da escritura e publicando os seus traballos, ós nenos animámoslos a ler.

A “felicidade” parece concepto vago pero é algo fundamental no ámbito educativo...armoniosa . A PALABRA **ESCOLA**< do grego= diversión, ocio (ían á escola os nenos que non tiñan que traballar).

Hai dúas necesidades: unha, pasalo ben e otura necesitamos facer algo que valga a pena. A DPRESIÓN = quedarse sen proxecto→ realidade muda, intransitable.

Estmos intoxicando ós alumnos de comodidades.

“Mamá, mira o que fago” é fundamental porque hai que progresar sempre. Os alumnos necesitan saber e sentir que progresan. Coa lectura non podemos facerllo ssentir en cambio si coa escritura. Max Aub escribe para o seu epitafio “hice lo que pude” (Para educar a un neno fai falta a tribu enteira).

Ao final, pasa o de sempre. Que todo pode ser bo ou malo dependendo do uso que se lle dea. Pero estaremos de acordo en que non hai nada positivo no abuso de calquera dos métodos ou ferramentas.

Nunca tanto se escribiu como agora. Case todos os rapaces están a diario “colgados” das redes.. Iso ¿é bo/malo? Sexa como sexa, podemos aproveitarnos desa moda no seu beneficio.

Bibliografía que pode axudarnos:

TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL	
Como una novela.	Daniel Pennac	Xerais	**
Como mirar a la luna. <i>Confesiones a una maestra sobre la formación del lector.</i>	Juan Mata	Grao	*
La magia de leer.	José A. Marina e María de la Válgoma	Plaza y Janés	***
La magia de escribir.	Idem	Idem	***
Cómo hacer que tus hijos lean.	Lolo Rico	Alfaguara	
O segredo das palabras	Miguel Seoane García, Charo Baleirón Sónora	Fundación Caixa Galicia	Etimoloxía
Mal de escuela	Daniel Pennac	Mondadori	**
Motivación y creatividad en clase	Kaye Thorne	Grao	
Estrategias de lectura	Isabel Solé	Grao	
El rumor de la lectura	Equipo Peonza	Anaya	
Leer, contar y jugar. <i>Actividades de animación a la lectura.</i>	Carmen Gil	CCS	
La biblioteca de Centro y la biblioteca de Aula	Miguel Angel Marzal	Castalia S.A y Ministerio de Educación y Ciencia	
Va de poesía. <i>Propuestas para despertar el deseo de leer y escribir poesías.</i>	Víctor Moreno	Pamiela	
El deseo de leer. <i>Propuestas creativas para despertar y mantener el gusto por la lectura.</i>	Idem.	Idem.	
El deseo de escribir.	Idem.	Idem.	
Manual de redacción	V. Rodríguez Jiménez	Paraninfo	
Curso práctico de técnicas de comunicación oral.	Arturo Merayo	Tecnos	*
El dardo en la palabra.	Fernando Lázaro Carreter	Galaxia Gutenberg	**
A radio na escola. Coñece o mundo da radio.	Marita Otero	Edicións Lea	*
Diez nuevas competencias para enseñar.	Philippe Perrenoud	Grao	
Borrón y cuenta nueva.	Gregorio Casamayor	Grao	relatos
Padres brillantes, maestros fascinantes.	Augusto Cury	Zenith/Planeta	*

Os cómics nas aulas	Agustín Fdez. Paz	Xerais	*
Cómo dibujar cómics	Maddocks	Ediciones Martínez Roca	**
Cómic para principiantes	Idem.	Idem	**
Como facer un cómic	Lewis Trondheim	Faktoria k de libros	**
El nuevo dardo en la palabra	Lázaro Carreter	Aguilar	**

Os títulos resaltados en negrita parécenme imprescindibles. Ademais son de lectura amena. (O de Lázaro Carreter, é fundamental para que sexamos conscientes de como “apedreamos” o castelán. Tanto os profesionais do xornalismo como nós...falamos fatal. É unha recompilación das súas publicacións en *El país*. Hai algunha simpatiquísima).

Os que non levan estreliñas é porque non os lin enteiros. Non podo opinar. Pero a xulgar pola ollada que lles botei, parecen de interese. Agora, os que vos recomendo con fervor son:

La magia de leer/ La magia de escribir/ Como unha novela.

(Perdón por esta chapuza, pero se queredes preguntarme algo, estou á vosa disposición. Oxalá vos sirva de algo!)

itomea@gmail.com

Outros enlaces: <http://lenguayliteratura.org/interactivos/>
<http://www.orellapendella.org/>